



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, na presentación da conferencia da conselleira de Facenda da Xunta de Galicia, Marta Fernández Currás, en *Nueva Economía Fórum*

Hostal dos Reis Católicos – Santiago, 12-11-2010// 09.00 h.-

Presidente de *Nueva Economía Fórum*,
Conselleiras,
Deputados,
Autoridades,
Señoras e señores:

Cando me convidaron a efectuar a presentación de Marta Fernández Currás, dixen que sí sen pensalo un momento. E dixen que sí polo aprecio persoal, pero tamén polo respecto, que me inspira a protagonista deste acto.

Aínda que nacidas ambas as dúas fóra de Pontevedra, Marta e mais eu, e creo que non me equivoco se falo tamén en nome dela, somos e sentímonos pontevedresas, e, a pesar de que nos coñecemos desde hai moito tempo, como case todo o mundo nunha cidade pequena, non foi ata o seu nomeamento como conselleira de Facenda da Xunta de Galicia cando tiveron ocasión de tratala con máis asiduidade.

Teño que recoñecer que a súa designación como conselleira non me sorprende en absoluto, xa que tiña ben presente o compromiso adquirido polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, de incorporar ao seu Goberno a profesionais serios e rigorosos, sen máis ataduras que servir aos intereses de Galicia e ao conxunto dos seus cidadáns, (por riba de outras cuestións).



Todos coñecemos os importantes retos aos que esta conselleira tivo que enfrontarse dende a súa toma de posesión, e que non fan máis que corroborar que Marta Fernández Currás é, ademais dunha gran traballadora, unha persoa capaz e íntegra, que antepón, sempre e en todo momento, o rigor e a seriedade profesional fronte a calquera outro tipo de consideración.

A pesar da súa xuventude, ten un avultadísimo currículo profesional que vou tratar de resumir brevemente nos próximos minutos.

É licenciada en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago, e pertence ao corpo superior de Inspectores de Facenda e ao de Interventores e Auditores do Estado.

Foi delegada do Instituto de Estudos Fiscais en Galicia do Ministerio de Economía e xefa da Dependencia Rexional de Recadación da Axencia Tributaria en Galicia.

Interventora xeral da Comunidade Autónoma, a primeira muller en desempeñar este posto en Galicia, e inspectora na Delegación Central de Grandes Contribuíntes.

Ademais, Marta Fernández Currás foi profesora asociada de Facenda pública e sistemas fiscais na Facultade de Económicas da Universidade de Santiago de Compostela; administradora da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Santiago; vogal do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia, e interventora adxunta territorial de Pontevedra.

Dende abril de 2009, é conselleira de Facenda da Xunta de Galicia, de novo, a primeira muller que ocupa esta carteira na nosa Comunidade.



Ela constitúe un claro exemplo do que antes falaba, da aposta dun Goberno por profesionais sólidos. Por unha muller preparada, cun currículo extenso, que conxuga unha excelente cualificación profesional cunha dilatada experiencia nas administracións central e autonómica.

Pero permitanme que me deteña brevemente no seu labor docente, porque si hai algo que, ao meu modo de ver, caracteriza a Marta Fernández Currás, é a súa claridade expositiva, a maneira que ten de explicar as cousas, de facer comprensibles conceptos que moi a miúdo se explican a través de tecnicismos non fáciles de entender para a inmensa maioría dos cidadáns cando escoitamos falar de economía.

Aínda que un non saiba nada de economía, pode seguir perfectamente calquera das súas intervencións coa certeza de que a persoa que lle fala sabe, e moito, do que fala.

Porque Marta é capaz de transmitir os seus coñecementos-tarefa esta non sempre fácil-, polo que transmite credibilidade e confianza aos que a escoitamos cando fala.

Creo sinceramente que ser crible e transmitir confianza son cualidades importantísimas para un xestor público, e sobre todo nestes difíciles momentos que estamos a vivir.

Non cabe dúbida de que a Marta Fernández Currás, como conselleira de Facenda, estalle tocando xestionar o momento máis complicado da nosa historia autonómica no referido ás contas públicas.

E nese sentido, o seu labor só pode ser valorado en termos positivos, pois non resulta nada doado conseguir cadrar unhas contas nun contexto económico como o actual.



Un contexto que non só está marcado pola caída de ingresos propia da conxuntura de crise, senón que se ve agravado pola obriga de lle devolver ao Estado nos vindeiros anos arredor de 2.600 millóns de euros de anticipos recibidos en anos anteriores.

Facer posible un control rigoroso do déficit público, que permita garantir a solvencia da nosa Comunidade Autónoma e, ao mesmo tempo, ser capaces de garantir a prestación de servizos públicos esenciais –e manter un nivel de investimento axeitado– era o reto ao que Galicia se enfrontaba para o ano 2011.

Nesta tarefa, a conselleira e o seu equipo souberon manexar o complicado da situación para lograr que Galicia poida cumprir coa estabilidade orzamentaria, ao tempo que se garante a prestación dos servizos públicos esenciais.

Pero de seguro que ela poderá explicar todo iso moito mellor ca min, así que vou rematar xa.

Eu quero transmitirille moito ánimo, porque nun posto como o que ocupa neste momento non sempre as decisións que hai que tomar son fáciles, aínda que sexan necesarias.

Pero creo que temos unha magnífica conselleira de Facenda, á que lle desexo o maior dos éxitos no desempeño do seu traballo, para situar a Galicia, para situarnos a todos, no camiño da recuperación económica.

Eu confío nela e só me resta dicirlles a todos vostedes que creo que as contas públicas están nas mellores mans.

Moitas grazas.